

ANUNCIO

Resolución definitiva do órgano competente – Bolsas EEUU 2024-2025. Listaxe das persoas beneficiarias da axuda económica complementaria en concepto de “Cartos de preparación da viaxe”

A Segunda Tenente de Alcaldesa e Concelleira delegada responsable da Área de Benestar Social, Eudoxia María Neira Fernández, formulou, no documento 23618100VC, con código de verificación 5058 1K1H 1427 4C5L 0AJ9, a seguinte resolución na que se inclúe o anexo coa listaxe definitiva das persoas adxudicatarias de prazas do programa municipal de Bolsas EEUU no curso escolar 2024-2025 ás que se lles recoñece o dereito a percibir a axuda económica dos 400 € en concepto de “Cartos de preparación da viaxe”

RESOLVO:

PRIMEIRO: Tomar coñecemento da listaxe definitiva do alumnado seleccionado no programa municipal de bolsas EEUU no curso escolar 2024-2025 que ten dereito a percibir os 400€ en concepto de “Cartos de preparación da viaxe”, de acordo coa valoración realizada polos servizos sociais municipais (informe con código de documento 1051810DAA), e segundo o previsto nos puntos 2.j) e 5.5 das bases.

SEGUNDO: Aprobar a listaxe definitiva das persoas adxudicatarias de prazas do programa municipal de Bolsas EEUU no curso escolar 2024-2025 ás que se lles recoñece o dereito a percibir os 400€ en concepto de “Cartos de preparación da viaxe”, que se inclúe como ANEXO I neste documento.

TERCEIRO: Advertirlles ás persoas adxudicatarias de que, consonte o previsto no punto 12.3 das bases específicas, a firmeza da adxudicación das axudas complementarias de 400 € en concepto de “Cartos de preparación da viaxe”, consonte a súa natureza de axuda complementaria das “Bolsas EEUU 2024-2025”, quedará condicionada en todo caso á aceptación do alumnado por parte do país en función das súas esixencias.

A presente resolución definitiva ponlle fin á vía administrativa e, contra ela, cabe interpoñer, de maneira potestativa, un recurso de reposición, no prazo dun mes, ou poderá interpoñerse directamente un recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, perante o xulgado da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Nos dous casos, computarase o prazo a partir do día seguinte ao da publicación oficial da resolución da concesión definitiva.

ANEXO I - Listaxe definitiva das persoas adxudicatarias das prazas do programa municipal de Bolsas EEUU no curso escolar 2024-2025 que teñen dereito a percibir os 400€ en concepto de “Cartos de preparación da viaxe”

Orde	Estado	ID	Total puntos	Puntos Inglés	Puntos ESO	Puntos renda	Puntos discapacidade	Puntos violencia xénero	Puntos acollemento familiar	Puntos fam. monoparental	Puntos familia numerosa	Membros familia	% achega	Importe achega
2	Seleccionado/a	25	16	3	2,5	10	0	0	0	0,5	0	2	0%	0,00 €
7	Seleccionado/a	74	14,5	1	3	10	0	0	0	0	0,5	5	0%	0,00 €
9	Seleccionado/a	82	14	2	2	10	0	0	0	0	0	3	0%	0,00 €
11	Seleccionado/a	72	14	2	2	10	0	0	0	0	0	4	0%	0,00 €
15	Seleccionado/a	104	13,2	1	2,2	10	0	0	0	0	0	2	0%	0,00 €
18	Seleccionado/a	79	12,5	1	1	10	0	0	0	0	0,5	5	0%	0,00 €
19	Seleccionado/a	20	12,5	1	1,5	9	0,5	0	0	0	0,5	3	0%	0,00 €
28	Seleccionado/a	63	11,5	0	1,5	10	0	0	0	0	0	3	0%	0,00 €
33	Seleccionado/a	85	10,8	0	1,8	9	0	0	0	0	0	2	0%	0,00 €